

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

- 12216** *Real decreto 903/2020, do 13 de outubro, polo que se modifica, para a Mesa Delegada da Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado do Ministerio de Defensa, o Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, polo que se establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa.*

A crise sanitaria provocada pola COVID-19 significou un reto na planificación e na xestión do persoal estatutario da Rede Hospitalaria da Defensa. Ademais, puxo de manifesto a perentoria necesidade de dispor do persoal estatutario suficiente para atender os servizos sanitarios da Rede Hospitalaria da Defensa. Para tal efecto, iniciouse un proceso de creación dunha bolsa de emprego temporal para cubrir provisionalmente as necesidades de persoal dos hospitais militares.

Todas estas cuestións, de grande importancia práctica para a xestión do persoal estatutario, deberían ser obxecto de tratamento previo cos representantes do dito persoal, no exercicio do seu dereito á negociación colectiva.

Consecuentemente, este real decreto trata de garantir o exercicio do dereito á negociación colectiva por parte do persoal estatutario da Rede Hospitalaria da Defensa, de forma que o ámbito de negociación se estableza na mesa delegada xa existente da Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado no Ministerio de Defensa.

O real decreto adecúase aos principios de boa regulación conforme os cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da iniciativa legislativa e da potestade regulamentaria, como son os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para estes efectos,ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia e que a norma é acorde co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para lograr os obxectivos previamente mencionados e que, igualmente, se axusta ao principio de seguranza, e garantiuse a coherencia do proxecto normativo co resto do ordenamento xurídico nacional.

En canto ao principio de transparencia, efectuouse o trámite de audiencia e información pública, previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, a través do portal web do Ministerio de Defensa, e sométese á publicación oficial no «Boletín Oficial del Estado».

A aprobación deste real decreto fundaméntase no artigo 149.1.4.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de defensa e forzas armadas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa e do ministro de Sanidade, coa autorización da ministra de Facenda, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de outubro de 2020,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación, para a mesa delegada da Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado do Ministerio de Defensa, do Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, polo que se establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa.*

O Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, que establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa, modifícase no seguinte sentido:

Un. Modifícase a disposición adicional segunda, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional segunda. *Mesa de negociación.*

A negociación colectiva das condicións de traballo do persoal estatutario da Rede Hospitalaria da Defensa, da provisión de postos, das convocatorias de procesos selectivos e de todas aquelas materias obxecto de negociación atribuída ás mesas delegadas efectuarase na mesa delegada da Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado do Ministerio de Defensa.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de outubro de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,
CARMEN CALVO POYATO